

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE, EDRYX HEALTHCARE E ABBOTT ESPAÑA PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA XORNADA SOBRE O IMPACTO DA TECNOLOXÍA PARA O PACIENTE DIABÉTICO EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 28 de maio de 2024, con Edryx Healthcare y Abbott España o instrumento convencional arriba referido, cun prazo de vixencia dende o día seguinte ao da sinatura ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración para a realización dun evento no que se mostren as propostas innovadoras que dende o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade e desde os Servizos de Saúde doutras Comunidades Autónomas despregáronse, así como as estratexias futuras que se pretenden implementar no curto e medio prazo, co obxectivo de mellorar a prevención, o tratamento e a atención asistencial aos pacientes, para o coñecemento de pacientes e profesionais.

Edryx Healthcare SL, comprométese a deseñar e levar a cabo a organización da xornada, para o que porá os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento do evento. En calquera caso, autorizase expresamente a ACIS e a ABBOTT para difundir completa ou parcialmente o contido do evento.

ABBOTT participará como colaborador para a organización da actividade, para o que asume o compromiso de aboar a Edryx Healthcare SL directamente o custo dos recursos necesarios para o bo fin do proxecto mediante transferencia na conta que lle indique esta entidade, sempre despois da firma deste convenio de colaboración e da realización da actividade obxecto do mesmo. ABBOTT e Edryx Healthcare SL, formalizarán contractualmente a articulación de colaboración, co suficiente nivel de detalle. ACIS queda exenta, en calquera caso, do abono de cantidade algunha por dito acordo.

Por parte de ACIS facilitaranse as tarefas necesarias para a coordinación do contido das mesmas co Servizo Galego de Saúde e con outras entidades participantes nas xornadas. Tamén levará a cabo as tarefas para a promoción do evento que se consideren necesarias, comprometéndose a difundir a colaboración de ABBOTT, mediante a inserción da súa marca.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema público de Saúde de Galicia.

Que Edryx Healthcare SL é unha entidade especialista no campo de mellora da calidade asistencial sanitaria e involucrada no desenvolvemento de proxectos de dixitalización baseados na innovación e na tecnoloxía que axudan a humanizar o sector sanitario e permitan dar un paso máis cara á transformación dixital.

Que ABBOT é unha organización activa no sector de dispositivos médicos e tamén de solucións integrais no sector sanitario, que teñen como obxectivo lograr unha mellor prestación sanitaria, e que desexa continuar desenvolvendo o seu coñecemento e capacidades para ser recoñecida como unha empresa experta en solucións integrais máis alá da súa oferta tecnolóxica. Por elo, ABBOT desenvolveu unha ampla rede de colaboración con institucións públicas e entidades ligadas a formación, innovación e divulgación e está en condicións de aportar tanto o coñecemento propio como o da súa rede de colaboradores.

Que, segundo a Organización Mundial da Saúde, a diabetes é unha das enfermidades con maior incidencia a nivel mundial, e unha das principais causas de morte prematura en adultos. Ademais, calcúlase que entre una alta porcentaxe de persoas que padecen diabetes aínda non foron diagnosticadas, sendo o diagnóstico temperán fundamental para previr complicacións e a súa evolución e impacto na vida do paciente.

Neste sentido, a tecnoloxía é un gran aliado que facilita o manexo da enfermidade polo propio paciente, a súa adherencia ao tratamento, e mellorar a súa calidade de vida. As innovacións no ámbito desta patoloxía son amplas, perseguindo resolver as necesidades que orixinan a patoloxía con tecnoloxía que mellora a calidade de vida dos pacientes diabéticos, o seu control, e axudar ao profesional a seguir a súa situación.

Por todo elo, as partes intervenientes, están interesadas en visibilizar as propostas innovadoras que, dende o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade despregáronse, así como as estratexias futuras que se pretenden implementar no curto e medio prazo, co obxectivo de mellorar a prevención, o tratamento e a atención asistencial aos pacientes, especialmente no caso da diabetes.



Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

